

↑ *Así chegou a noite.* Ángel Santos. PREESTREA 29 ABR

# NUMAX PRESENTA:

101 | MAIO 2026

Libraría

# *Kit de primavera: herba, toalla e libro*

Unha tarde de sol de maio, aínda non demasiado abafante, un xardín e tempo para ler. Aquí unha escolla dos libros que levaríamos para devorar en posición horizontal e co ceo sobre nós.




***Agujero***
Hiroko Oyamada
IMPEDIMENTA| 21,75€




***A parte fácil***
Ismael Ramos
XERAIS| 17,50€




## *A terceira luz*

Claire Keegan

RODOLFO E PRISCILA| 18€




## *El camino inesperado*

Rebecca Solnit

LUMEN | 18,91€




## *A terra dos abetos en punta*

Sarah Orne Jewett

HUGIN E MUNIN | 16,50€




## *En el límite del bosque*

Kathryn Bromwich

MAPA | 20,95€




## *Lume branco*

Antonia Pozzi

RINOCERONTE | 16€PIMENTEL | 25€




## *De cantos y animales*

Carolina Arabia

MENGUANTES | 18€




## *Un conjuro*

Paula Melchor

LETRAVERSAL | 14,90€




## *Y nuestros rostros, mi vida, breves como fotos*

John Berger

NÓRDICA| 21,50€

**Estamos na**

# FEIRA DO LIBRO DE SANTIAGO

**Do 02**
**ao 10 de maio**
**na Alameda.**



**Descontos do 10%**
**en todos os libros**

## Eventos | Maio 2026

**MARTES 19 DE MAIO ÁS 19:00H**

Club de lectura: *Ruth Matilda Anderson. Tradutora das marxes* coa autora **Alba Rodríguez Saavedra.** Inscrición previa.

**MÉRCORES 20 DE MAIO ÁS 19:00H**

Presentación de *Han cantado bingo* (Reservoir Books) de **Lana Corujo** con **Belén Teiga.**

**VENRES 22 DE MAIO ÁS 19:00H**

Presentación de *Ninfas pobres* (La uÑa RoTa) de **Maite Dono** con **Luz Pichel.**

**MÉRCORES 27 DE MAIO ÁS 19:00H**

Presentación de *Un conjuro* (Letraversal) de **Paula Melchor** con **Adrián Viéitez.**



# Papel & Prata — 02
## *Debuxos animados*

13.05.2026 | 19.00
Libraría NUMAX

**Bea Lema e Alberto Vázquez**

Actividade
subvencionada pola

Deputación DA CORUÑA

**NUMAX**





# Cinema

## Filme do mes:



**CORREDORA** **ESTREA 29 MAI**

**Laura García Alonso, 96', CAT, VOSE**
Con Alba Sáez, Marina Salas, Àlex Brendemühl

Cris, unha corredora de elite, sofre un brote psicótico que a obriga a afastarse da alta competición. Non todo o mundo ao seu redor poderá ou saberá como axudala. Natalia, a súa irmá, será o seu refuxio para aceptar a súa condición e redefinir o seu ritmo de vida.

A debutante Laura García Alonso sorprendeu no Festival de Málaga cun filme que trata con profundidade cuestións como a saúde mental, os coidados ou a autoesixencia extrema do mundo en que vivimos.

**Sección oficial — Málaga 2026**

# Estreas



ℹ 29-30 ABR: Presentación e coloquio con Ángel Santos, Denis Gómez e Violeta Gil

## ASÍ CHEGOU A NOITE

**PREESTREA 29 ABR**

**Ángel Santos, 122′, GAL-ESP, VO, +12**

Con Denis Gómez, Violeta Gil

Un escultor establécese nun lugar afastado da costa galega. Íllase da súa contorna e corta todo contacto con amizades e familiares. O encontro cun antigo amor obrigaralle a reflexionar sobre o seu desexo de illamento.

🏆 **Mellor dirección — Xixón 2025**



## TODO O QUE FOMOS ESTREA 30 ABR

**Cherien Dabis, 145′, AR, VOSE**

Con Cherien Dabis, Saleh Bakri

Un adolescente palestino vese implicado nunha protesta en Cisxordania. Conmocionada, a súa nai Hanan narra a historia familiar de tres xeracións a través das tensións políticas e emocionais.

🏆 **Mellor dirección — Sevilla 2025**



## YO NO MORIRÉ DE AMOR

**ESTREA 8 MAI**

**Marta Matute, 94′, ESP, VO, +12**

Con Júlia Mascort, Sonia Almarcha

Con 18 anos, Claudia non quere ser unha heroína. A doenza de súa nai avanza e obriga a redefinir os roles na familia. Entre o deber de coidar e o desexo de vivir, buscará o modo de habitar esa nova realidade.

🏆 **Mellor filme, actriz e actor de reparto — Málaga 2026**



## HANGAR ROJO ESTREA 8 MAI

**Juan Pablo Sallato, VO, ESP, 81'**

Con Nicolás Zárate, Boris Quercia

Santiago de Chile, 11 de setembro de 1973. Mentres o golpe militar se desprega por todo o país, o Capitán Jorge Silva, ex xefe de Intelixencia da Forza Aérea, reciba unha orde que mudará a súa vida para sempre.

🏆 **Mellor actor, montaxe e Premio do Público — Málaga 2026**



## A MOZA DO CORO

**ESTREA 15 MAI**

**Urška Djukić, 89', SK, VOSE, +12**
Con Jara Sofija Ostan, Mina Svajger

Lucija, unha moza introvertida, únese ao coro escolar feminino, onde fai amizade con Ana-Marija, unha alumna popular e segura de si mesma. Lucija interésase por un obreiro o que pon a proba a súa amizade con Ana-Marija.

🏆 **Premio FIPRESCI Perspectives — Berlinale 2026**



## O CASTELO NO CEO

**ESTREA 15 MAI**

**Hayao Miyazaki, 124', XAP, VOSE/VE, 1986**
Sheeta é a única persoa que coñece o segredo da cidade flotante dunha civilización ao parecer extinta. Pazu, un rapaz rebelde, cruzarase no seu camiño. Acadar o castelo no ceo e coñecer os seus misterios ocultos converterase nunha odisea.



## LOVE ME TENDER

**PASE ÚNICO 22 MAI**

**Anna Cazenave Cambet, 134', FR, VOSE, +16**
Con Vicky Krieps, Monia Chokri

Clémence cóntalle ao seu ex marido que mantén relacións amorosas con mulleres. A súa vida vénse abaixo e el queda coa custodia do fillo que teñen en común. Clémence loitará para seguir sendo nai, muller e libre.

🏆 **Un Certain Regard — Cannes 2025**



## QUE CHE DI ESA NATUREZA?

**ESTREA 29 MAI**

**Hong Sangsoo, VOSE, KOR, 108**
Con Ha Seongguk, Kwon Haehyo

Dirixida, escrita, producida, fotografada e composta por Hong Sangsoo na súa faceta de home-orquestra do cinema, "Que che di esa natureza?" segue o mozo poeta Donghwa, que visita por vez primeira a casa familiar da súa moza Junhee, descubrindo que é máis grande e luxosa do que pensaba.

# Carta branca: Ángel Santos



## A AVENTURA

PASE ÚNICO 4 MAI

**Michelangelo Antonioni, 145′, ITA, VOSE, +12, 1960**

Con Gabriele Ferzetti, Monica Vitti

Anna, unha rica moza romanesa, o seu mozo e Claudia, a súa mellor amiga, embárcanse nun cruceiro estival polas illas sicilianas. Obra mestra de Antonioni e, por extensión, do cinema moderno.

🏆 **Premio Especial do Xurado — Cannes 1960**



## PAIXÓN DOS FORTES

PASE ÚNICO 11 MAI

**John Ford, 97′, ING, VOSE, 1946**

Con Henry Fonda, Linda Darnell, Victor Mature

A Wyatt Earp ofrécenlle o posto de comisario da cidade de Tombstone, pero rexéitao porque lle interesa máis o negocio de gandeiro ao que se dedica cos seus irmáns. Porén, cando un deles morre asasinado, acepta o posto vacante e nomea axudantes aos seus irmáns.

## THE POWER OF KANGWON PROVINCE

PASE ÚNICO 18 MAI

**Hong Sangsoo, 110′, KOR, VOSE, 1992**

Con Baek Jong-hak, Yun-hong Oh

## A MULLER DO AVIADOR

PASE ÚNICO 25 MAI

**É. Rohmer, 104′, FR, VOSE, 1981**

Con Philippe Marlaud, Marie Rivière

# Petís Numax



## FLEAK

PASES ÚNICOS 30-31 MAI

**Jens Moller, 84′, VE**

Con Gabriele Ferzetti, Monica Vitti

Thomas ve cambiar a súa vida tras un accidente que lle impide camiñar. Cando todo parece perdido, aparece Fleak —unha pequena, trasna e peluda criatura chegada doutra dimensión— que lle abre a porta dun universo extraordinario.

## Os ollos verdes



### ENZO

PASE ÚNICO 7 MAI

**Robin Campillo, 102′, FR, VOSE, +12**

Con Eloy Pohu, Pierfrancesco Favino

Enzo é aprendiz de albanel en La Ciotat. Presionado polo pai, que quere que curse estudos superiores, desexa escapar do ambiente cómodo pero abafante da vida familiar. Nas obras coñece un carismático traballador ucraíno que abanea o seu mundo.

**Mellor filme — Sevilla 2025**



Presentación e coloquio coa directora

### YRUPẼ

PASE ÚNICO 10 MAI

**Candela Sotos, 79′, ESP, VO**

A procura d'*A flor de Irupé*, película perdida de Guillermo Fernández-Zúñiga, pioneiro español do cinema científico, dá inicio a unha viaxe a través de historias familiares e arquivos nacionais. A medida que o yrupé medra lentamente, emerxen capas de imaxes e silencios.

**Premio Latexos — Novos Cinemas 2025**

## Outras proxeccións

### O SÉTIMO CONTINENTE

Michael Haneke, 105′, 1989

**PASE ÚNICO 5 MAI**

CICLO EXTRA PAPEL & PRATA

Presentación de Antón Blanco Casás

### UNHA RAPAZA SEN HISTORIA (ANITA G.)

Alexander Kluge, 88′, 1966

**PASE ÚNICO 14 MAI**

CICLO IN MEMORIAM

### LOS SUEÑOS QUE COMPARTIMOS

Valentina Leduc, 102′, 2025

**PASE ÚNICO 21 MAI**

Presentación e coloquio coa directora

### A ESTACIÓN VIOLENTA (9º ANIVERSARIO)

Anxos Fazáns, 68′, 2017

**PASE ÚNICO 22 MAI**

Presentación e coloquio coa directora

### OS NENOS DO PARAÍSO

Hiroshi Shimizu, 84′, 1948

**PASE ÚNICO 26 MAI**

CICLO FILMES CONTRA A GUERRA

### BS. AS. (20º ANIVERSARIO)

Alberte Pagán, 79′, 2006

**PASE ÚNICO 28 MAI**

Presentación e coloquio co director

NUMAX

numax.org

EUROPA CINEMAS

CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

Agencia Gráfica

@numaxcoop